

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN E BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2021-2022. CONCELLO DE FERROL.

1.- OBXECTO E FINALIDADE.

1.1.- Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas, destinadas ás familias do Concello de Ferrol, nel empadronadas, que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases e que teñan menores a cargo escolarizados nos centros educativos que se atopen dentro do termo municipal de Ferrol durante o curso 2021/2022.

1.2.-Establécense dúas liñas de axudas:

- Liña 1: Bolsas de comedor escolar: dirixidas a menores que residan en Ferrol e estean matriculados nun centro de ensino público ou concertado da cidade e que cursen: Educación Infantil e Primaria. Nos centros públicos as axudas poderán ser en concepto de almorzo e/ou xantar. Nos centros concertados unicamente en concepto de xantar. Excepcionalmente valoraranse os casos solicitados dos menores matriculados en centros de educación especial da cidade.
- Liña 2: Axudas escolarización (material escolar): dirixidas ás persoas menores de idade que residan en Ferrol e estean matriculados nun centro de ensino da cidade e que cursen: Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional Básica (nas súas diferentes modalidades) e Formación Profesional de Grao Medio.

1.3.- O sistema de acceso a estas axudas estará condicionado á dispoñibilidade de prazas no respectivo centro escolar e ao crédito asignado para esta axuda no presuposto municipal.

1.4.-A finalidade última das axudas é dar resposta ás necesidades escolares dos/as nenos/as do Concello de Ferrol cuxas familias acrediten ter dificultades económicas que lles impida facer fronte aos gastos propios do curso escolar, e especialmente naqueles supostos nos que os nenos e nenas da cidade formen parte de unidades familiares vítimas de violencia de xénero para as que estas bases establece requisitos de especial protección.

1.5.- Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda de institución pública ou privada para a mesma finalidade.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

2.1.- Serán persoas beneficiarias as unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados nos centros de ensino (públicos e concertados) da cidade de Ferrol que estean matriculados nos cursos referidos para cada unha das liñas de axudas e reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

2.2.-Para os efectos previstos nestas bases, considérase unidade familiar:

- O pai e nai non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os descendentes e ascendentes que figuren empadroados e residan no domicilio familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e

todos os descendentes e ascendentes que figuren empadroados e convivan con eles .

- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.
- A condición de familia monoparental entenderase cando formen parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do menor.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o solicitante da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.
- No suposto de acollemento, o solicitante da axuda será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.
- En ningún caso poderán ser solicitantes da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

3.- REQUISITOS

3.1.- Poderán solicitar estas axudas os representantes legais (pai, nai ou titor/a) dos /as menores que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroado e residir no Concello de Ferrol.
- Convivir cos menores para os que se solicita a axuda (no caso de custodias compartidas, so se terá en conta unha solicitude e terá prioridade a do proxenitor/a convivente).
- Que os menores estean matriculados (ou en todo caso ter reserva de praza) en centros escolares públicos ou concertados do termo municipal de Ferrol nalgún dos cursos aos que se refire cada unha das liñas de axuda.
- Que os ingresos económicos da unidade familiar non superen os máximos establecidos nas bases (non se cuantificará como ingreso a prestación de fillo a cargo do INSS)
- Presentar a solicitude e a documentación requirida en tempo e forma establecida polo Concello de Ferrol (Anexo I)
- Entregar xunto co resto da documentación, o Anexo II (declaracións responsables) e o Anexo III se así o precisa.

3.2.- Os requisitos deberán reunirse na data que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a finalización da actividade subvencionada.

4.- SOLICITUDES E PRAZO

4.1. -Os/as solicitantes deberán presentar a súa instancia coa documentación requirida en cada caso, no rexistro xeral do Concello ou tramitala por calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia, publicación que se levará a cabo a través da Base Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

4.2.-Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nestas bases agás o suposto excepcional de concesión por causas sobrevenidas, que se regula no punto seguinte.

4.3.- Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar cando, con posterioridade á finalización do prazo ordinario de solicitude, concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación de certificado escolar, inscrición no padrón municipal u outra documentación suficientemente xustificativa
- Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación acreditativa correspondente
- Cambios na situación socio-familiar que teñan como consecuencia o risco social dos menores, que será xustificada por informe técnico municipal acreditativo da dita situación

Estas solicitudes, presentadas fóra de prazo por causa sobrevida, deberán cumprir os mesmos requisitos que as ordinarias e achegar toda a documentación exisidas nas bases. Para a súa tramitación estarase ao disposto no artigo 7.5 destas bases.

5.-DOCUMENTACIÓN

5.1.- As persoas solicitantes deberán presentar a documentación que se relaciona a continuación referida a todos os membros da unidade familiar, de acordo co disposto no punto 2.

- Anexo I: Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto no que se especificará o nome do/a dos/as menor/es, o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa de axuda (achégase xunto con estas bases)
- Anexo II:(declaracións responsables) e o Anexo III se así o precisa (para cada membro da unidade familiar de convivencia maior de 16 anos).
- Certificado escolar ou copia da solicitude de matrícula do menor para o que se solicita a axuda.
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, permiso de residencia ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia completa do libro de familia ou documento análogo (acta ou partida de nacemento)
- Fotocopia da última declaración do IRPF, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar.

No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda ou autorizar a o Concello de Ferrol á consulta deses datos segundo modelo autorizado (Anexo III) asinado por todos os integrantes da unidade familiar.

- Informe da vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social. No caso de telo solicitado presentárase a copia do xustificante da mencionada solicitude e o informe achegarase á solicitude en canto sexa emitido e recibido.
- En caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador. En situacións de non pagamento, copia da solicitude da execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
- En caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos, copia da sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza. En situacións de non pagamento, copia da solicitude de execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
En situacións de falta de pagamento, presentárase copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.
- En caso de que os/as menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía da remuneración.
- Xustificantes de ingresos:
 - a) Traballadores/as en activo:
 - a.1) Traballadores/as por conta allea: fotocopia das 3 últimas nóminas.
 - a.2) Traballadores/as autónomos: Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2021, para empresarios ou profesionais.
 - b) Pensionistas: xustificante da pensión/s mensual.
 - c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio: certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.
 - d) Demandantes de emprego sen prestación: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
 - e) Perceptores/as de RISGA e RAI: xustificante da contía mensual.
 - f) Perceptores do Ingreso Mínimo Vital: xustificante da contía mensual.
 - g) Acollemento familiar remunerado: xustificante da contía mensual da prestación
 - h) Salario da liberdade: xustificante da contía mensual da prestación
- O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende o departamento de Servizos Sociais.
- Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

5.2.-Respecto dos menores usuarios do Centro de Día de Menores de Ferrol, parte da documentación figura no departamento de Benestar Social, polo que unicamente deberán achegar o anexo I, anexo II e xustificantes dos ingresos.

5.3.-Non se requirirá aos interesados a presentación da documentación xa achegada nos expedientes tramitados polo departamento de Benestar Social durante o ano da convocatoria, sempre que se indique o expediente no seo do cal foi aportada e se acompañe dunha declaración responsable da súa vixencia.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes valoraranse tendo en conta o seguinte baremo económico (1,5 veces o IPREM,

incrementando un 15% por cada novo membro), co límite de 1.481,28 €, segundo o seguinte baremo:

Nº de membros	Contía
- 2	847,35 €
- 3	974,45 €
- 4	1.120,06 €
- 5	1.288,07 €
- 6	1.481,28 €

7.- TRAMITACIÓN, VALORACIÓN E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

7.1.- Instrución

-O negociado de Benestar Social, órgano instrutor do procedemento, remitirá as solicitudes ás correspondentes UBTS, cuxo persoal técnico realizará unha avaliación previa das solicitudes para verificar o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a.

-Publicarase, para os efectos de notificación, no taboleiro do Concello e na páxina web do Concello de Ferrol, un listado PROVISIONAL, no que constará:

a) Persoas solicitantes propostas provisionalmente como beneficiarias por presentar a súa de acordo cos requisitos establecidos nas bases.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos nas bases.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida nas bases.

-Outorgarase un prazo de 10 días hábiles para que os solicitantes aleguen o que estimen oportuno ou, no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

-Transcorrido o prazo para alegar e emendar as solicitudes requiridas, a documentación remitirase de novo ás correspondentes UBTS, cuxo persoal técnico preavaliará a documentación presentada.

7.2.- Comisión de Valoración

Convocarase a Comisión de Valoración, encargada da avaliación das solicitudes e de formular a proposta de concesión ao órgano concedente.

Para estes efectos a Comisión de Valoración estará composta polo seguintes membros:

- Presidencia: A concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico.

- Vogais:

Un representante de cada grupo municipal do Concello de Ferrol.

Unha técnica da concellería de Benestar Social (UBTS).

Secretario/a: Funcionario/a da concellería de Benestar Social

7.3.- Proposta de Resolución.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución, que terá carácter de definitiva nos termos do artigo 17.1 parágrafo segundo da Ordenanza Xeral de Subvencións de Ferrol.

7.4.- Resolución

A concesión das axudas será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social,

trala formulación da proposta de concesión realizada polo órgano instructor do procedemento e á vista do informe da Comisión avaliadora.

As subvencións concedidas publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello. Esta publicación substituirá á notificación de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto na Lei 39/2015 mencionada anteriormente e en cumprimento da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

O prazo máximo para resolver a publicación da resolución do procedemento será de 6 meses a contar a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aso interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

7.5.- Modalidade excepcional: circunstancias sobrevidas.

Dado o seu carácter excepcional, as solicitudes que se presenten ao abeiro do artigo 4.3 destas bases (presentadas fóra do prazo por circunstancias sobrevidas) non se tramitarán polo disposto nos apartados 1 a 5 deste artigo, sendo de aplicación para as mesmas o seguinte procedemento simplificado:

- Presentación de solicitude e documentación relacionada no punto 5.
- Remisión da solicitude á correspondente UBTS, cuxo persoal técnico avaliará a documentación presentada, a existencia da situación sobrevida e o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a.
- No suposto de que non se achegue toda a documentación requirida, outorgamento dun prazo de 10 días hábiles para que o/a solicitante alegue o que estime oportuno ou no seu caso emende a súa solicitude e presente a documentación requirida.
- Proposta de resolución do órgano instructor.
- Resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social.

8.-CAUSAS DE REVOGACIÓN

Poderase revogar a concesión da axuda por algún dos seguintes motivos:

- a) Ocultación de información, se esta condicionou a concesión da axuda.
- b) Alteración das circunstancias alegadas que motivaron a súa concesión.
- c) Constancia no departamento de Benestar Social de que se fixera uso fraudulento das axudas sociais municipais concedidas.
- d) No caso das bolsas de comedor, 10 faltas inxustificadas de asistencia ao servizo de comedor no mesmo mes.

9.-CONTÍA DAS AXUDAS.

9.1.- Liña 1: bolsas de comedor escolar

A contía da bolsa de comedor cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor becado tanto nos centros públicos coma nos concertados.

9.2.- Liña 2: Axudas material escolar:

A contía da axuda será de 100 € por cada menor.

No caso de que o nº de solicitudes admitidas supoña un importe superior ao total presupostado para estas axudas, minorarase proporcionalmente o importe individual a conceder.

A axuda farase efectiva a través dun vale, co logotipo do Concello de Ferrol e asinado pola Concelleira de Benestar Social, que se entregará á familia beneficiaria polo importe total da axuda concedida en función dos/as menores aos/ás que se refira e trocarase por material escolar, libros, roupa deportiva, artigos de deporte ou novas tecnoloxía, nos establecementos comerciais ferroláns que acepten o devandito vale do Concello de Ferrol.

Se o valor dos artigos fora inferior ao dos vales, en ningún caso o comercio reintegrará a diferenza á persoa beneficiaria da axuda, e só poderá facturarse ao Concello o importe efectivamente utilizado, é dicir, o importe dos artigos adquiridos co vale.

No vale, que será dun único uso, constará a súa caducidade. A validez dos vales e o seu troco finalizará o 31 de outubro de 2021 (agás no suposto das solicitudes presentadas ao abeiro do punto 4.3).

10.- PAGO DAS AXUDAS.

10.1.- O pago destas axudas implica a cesión do dereito de cobramento ás entidades que efectivamente prestan o servizo, polo que o pagamento do orzamento total practícase efectivamente a estas.

Esta cesión en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual ni cambio ningún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento das presentes bases.

10.2.- Liña 1: bolsas de comedor escolar

Esta axuda consistirá en abonar á/as empresa/as prestadora /s do servizo de comedor a facturación correspondente ao alumnado que disfrute desta bolsa.

Nos centros escolares públicos a contía virá determinada polo prezo contratado polo Concello, a través da concellería de Educación, para a prestación do servizo de comedores escolares

No caso dos centros escolares concertados a contía virá polo importe que certifiquen as respectivas direccións sobre o custo unitario dos menús ofrecidos nos respectivos centros escolares.

O pago das bolsas realizarase con carácter mensual, previa presentación das facturas correspondentes polas empresas prestadoras do servizo de comedor nos distintos centros escolares, nas que se figurará o número de menús servidos ao alumnado receptor desta axuda. Xunto coa factura deberá achegarse documentación debidamente asinada pola dirección do centro escolar na que se relacionará o nome dos /das alumnos/as así como as datas nas que se lles facilitou o menú.

10.3.-Liña 2: Axudas material escolar:

Os establecementos onde sexan trocados os vales deberán presentar a correspondente factura electrónica ao Concello de Ferrol (xunto cos correspondentes vales) con data límite 15 de novembro de 2021 (agás no suposto das solicitudes presentadas ao abeiro do punto 4.3). Transcorrido a dita data perderán o seu dereito ao cobramento do importe do vale.

Baixo ningún concepto os comercios podrán facturar ao Concello de Ferrol as adquisicións que foran obxecto de devolución a cambio do correspondente reintegro económico.

A dita factura deberá vir acompañada dos vales correspondentes.

11.- ORZAMENTO.

O gasto total para o curso escolar 2021/2022 imputarase á partida orzamentaria 04001-3263-48000, e ascende a 373.000 €, segundo o seguinte desglose:

Liña 1: bolsas de comedor escolares:

2021 (setembro -decembro): 93.000 €

2022 (xaneiro-xuño): 190.000 €

Liña 2: Axudas material escolar:

2021: 90.000 €

12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 15401, Ferrol) nos termos establecidos nos artigos 13,14,15 e 18 da citada Lei.

Ferrol,

A concelleira delegada de Benestar Social e Patrimonio Histórico

Eva Martínez Montero

ANEXO I

SOLICITUDES BOLSAS COMEDORES E AXUDAS DE ESCOLARIZACIÓN CURSO 2021-2022

Apelidos e nome da persoa solicitante:

DNI:

Enderezo:

Teléfono

DATOS DOS/AS MENORES

APELIDOS E NOME	DATA DE NACEMENTO	COLEXIO

Indicar se se atopa nas seguintes situacións:

Persoa perceptora de RISGA	SI	NON
Persoa perceptora de acollemento familiar	SI	NON
Persoa perceptora de coidados no entorno coidador/a familiar	SI	NON
Persoa usuaria do centro de día de menores	SI	NON

SOLICITO AXUDA ESCOLARIZACIÓN	SI		NON
SOLICITO BECA COMEDOR (*)	almorzo	SI	NON
	xantar	SI	NON

(*)No caso de solicitar beca comedor, lembre indicar se é para almorzo ou xantar (no caso colexios concertados só poderá solicitarse o almorzo).

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

Ferrol, de de 2021

O/A solicitante

Asdo.:

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

SOLICITUDES BOLSAS COMEDORES E AXUDAS DE ESCOLARIZACIÓN **CURSO 2021-2022**

As persoas asinantes declaran:

1. Que se atopan ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración municipal.
2. Que non están incurso/as en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria para a que solicitan a axuda.
4. Que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade.
5. Que quedan informados/as das de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.
6. Que non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

Ferrol,

Asdo.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais y Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán obxecto de tratamento polo Concello de Ferrol co obxecto de xestionar este procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais destes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas, S/N, 1, 15401, Ferrol), nos termos establecidos nos artigos 13, 14, 15 e 18 da citada Lei.

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO III

SOLICITUDES BOLSAS COMEDORES E AXUDAS DE ESCOLARIZACIÓN CURSO 2021-2022

Autorización para que o Concello de Ferrol solicite datos á axencia tributaria relativos ao nivel de renda ou patrimonio

A) Datos do/a solicitante que outorga a autorización

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) Datos doutros membros da unidade de convivencia da persoal solicitante cuxos ingresos son computables

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

Asdo

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

